

# CHANGE THINGS

INTERCONETAD@S PARA TRANSFORMAR  
AS REDES SOCIAIS CARA Á CIDADANÍA GLOBAL



## ITINERARIO FORMATIVO



#ChangeThings #Cambiarasredes

**Autoría:** Persoal técnico EPDCG das ONG Bosco Global, Jóvenes y Desarrollo e VOLS. Rubén Esteban Alesón, Teresa Viles Mestres, Vivian Rangel (Técnica de alfabetización mediática e estratexia educativa de Maldita educa)...

**Deseño e maquetación:** GABMA

Esta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) con cargo ao proxecto "Mocidade Interconectada por unha cidadanía global-dixital con Horizonte 2030, no contexto COVID". O contido da devandita publicación é responsabilidade exclusiva de "Jóvenes y Desarrollo" e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.

As ONGD Jóvenes y Desarrollo, Bosco Global e VOLS unímonos para levar a cabo o proxecto de Educación para o Desenvolvemento: "**Mocidade Interconectada por unha cidadanía global-dixital con Horizonte 2030, no contexto COVID**", financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). Xunto cos espazos educativos que se comprometan a participar, queremos contribuír a fomentar sociedades pacíficas, xustas e resilientes, comprometidas coa equidade, a defensa, a protección e a recuperación de dereitos das persoas máis vulnerables no marco da Axenda 2030.



**Jóvenes y Desarrollo (JyD)** é unha organización non gobernal sen ánimo de lucro que promove o desenvolvemento da poboación vulnerable, con especial énfase na infancia e na mocidade, facendo efectivo o seu dereito á educación; e fomenta o compromiso solidario das persoas para xerar cambios na sociedade.



**Bosco Global** é unha ONGD salesiana que mediante a educación e, dende unha opción preferente pola mocidade, constrúe un mundo máis xusto, equitativo e sostible. Traballa dende unha educación transformadora baseada no sistema preventivo de Don Bosco e na procura do ben común.



**VOLS** é unha ONGD salesiana cuxo obxectivo é contribuír á promoción humana desde o campo da educación, promovendo a transformación e a mobilización cara á xustiza social, tanto nas sociedades do norte como nas do sur, especialmente coa mocidade.

# ÍNDEX

<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
O noso enfoque:	5
<b>BLOQUE I: DISCURSOS DE ODI O DESINFORMACIÓN</b>	<b>11</b>
Antes de Comezar...	12
<b>Sesión 1: ESCAPE ROOM</b>	<b>13</b>
Actividade 1. Escape Room	14
<b>Sesión 2: Discursos d ' odi o desinformación</b>	<b>15</b>
Actividade 1: Que son os discursos de odio	16
Actividade 2: Dos discursos aos delitos de odio	17
Actividade 3. Identificar a desinformación	20
Actividade 4. Investigación de mentiras	22
PARA PROFUNDAR MÁIS: Actividade complementaria	23
<b>BLOQUE II: CONSTRUCCIÓN DE NOVAS NARRATIVAS</b>	<b>24</b>
<b>Sesión 3: Que son as novas narrativas</b>	<b>25</b>
Actividade 1. Análise de novas narrativas	26
Actividade 2: Que discurso de odio queremos traballar?	28
<b>Sesión 4: Planificación de accións de cambio</b>	<b>29</b>
Actividade 1. Estrutura dunha acción de cambio	30
Actividade 2. Reparto de responsabilidades e tarefas	31
<b>BLOQUE III: IMPLEMENTACIÓN DE CAMPAÑAS</b>	<b>33</b>
<b>Sesión 5: Preparación e implementación da iniciativa</b>	<b>34</b>
Actividade 1: Posta en marcha	35
Actividade 2: Implementación	36
<b>Sesión 6: Avaliación</b>	<b>37</b>
Actividade 1: Avaliación individual	38
Actividade 2: Avaliación grupal "Pon a mesa"	39
<b>ANEXOS</b>	<b>41</b>
Anexo 1. Tipos de discurso de odio	42
Anexo 2. Iceberg do odio	46
Anexo 3. Os 10 personaxes da desinformación	47
Anexo 4. Como identificar as mentiras	48
Anexo 5: Evita alimentar os discursos de odio	50
Anexo 6. Análise de novas narrativas	51
Anexo 7. Elección da temática da miña acción de cambio	53
Anexo 8: Como construír unha nova narrativa	54
Anexo 9. Unha acción para todas as persoas	55
Anexo 10. Planificación de accións de cambio	56
Anexo 11. Programación das redes sociais	57
Anexo 12. Avaliación	58



# INTRODUCCIÓN

A proliferación dos discursos do odio, en especial aqueles que atentan contra a diversidade, a igualdade de xénero e a libre circulación das persoas (relacionados coa etnia, nacionalidade ou procedencia), apoiados na desinformación e viralizados nas redes sociais, está a atender contra os dereitos das poboacións vulnerables.

Este proxecto, enmarcado na Estratexia da ONU sobre o Discurso de odio, ten como eixe central a promoción dunha cidadanía global-dixital responsable para previr os discursos de odio e a desinformación, que proliferaron especialmente no contexto da pandemia.



[PULSE AQUÍ](#)

Para iso, desenvolveranse accións encamiñadas a promover, coa participación da mocidade e educadoras/es, unha cidadanía comprometida cos DDHH, a defensa da igualdade e a protección do medio, que reflexione sobre as causas estruturais da crise COVID e os seus impactos na consecución dos ODS; e o carácter necesariamente interdependente e global das respostas a estes problemas a través da construción de novas narrativas.

Os **obxectivos** deste proxecto son:

- ▶ Contribuír a fomentar sociedades pacíficas, xustas, inclusivas e resilientes, comprometidas coa equidade; a defensa, protección e recuperación de dereitos das persoas máis vulnerables no marco da Axenda 2030; para a diminución do impacto social negativo amplificado pola COVID.
- ▶ Promover, coa participación de mozas/os e educadoras/es, unha cidadanía global-dixital comprometida cos DDHH, para previr os discursos do odio e desinformación, que reflexione sobre as causas estruturais da crise COVID, os seus impactos nas narrativas sociais; e o carácter interdependente e global das respostas.



# O NOSO ENFOQUE:

Na implementación deste itinerario formativo vinculamos o desenvolvemento dos contidos, actividades e iniciativas solidarias á promoción de:



## **UNHA CIDADANÍA COMPROMETIDA COS DDHH**

Cómpre xerar na nosa mocidade unha conciencia que aprenda a identificar a realidade dende a vulneración de dereitos e non dende a detección de necesidades. Para iso é fundamental analizar as causas dende un espírito de interconexión e holístico que permita entender a realidade global e local dende a complexidade de factores, económicos, sociais e culturais.



## **DEFENSA DA IGUALDADE**

Para lograr unha sociedade igualitaria é imprescindible entender as desigualdades que se seguen perpetuando por razón de xénero. Para iso é necesario poñer as lentes da igualdade para entender a especial situación de vulneración dos dereitos de mulleres e nenas e visibilizar a necesidade de construír relacións paritarias entre homes e mulleres.



## **CONSECUCCIÓN DOS ODS**

Os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) están a se converter nun eixe vertebrador dos grandes retos que xorden na sociedade. A Axenda 2030 inclúe 17 obxectivos de desenvolvemento sostible e 169 metas. Estes obxectivos son “integrals e indivisibles e conxugan as tres dimensións do desenvolvemento sostible: económica, social e ambiental”, son de aplicación universal, tendo en conta as diferentes realidades, capacidades e niveis de desenvolvemento de cada país e respectando as súas políticas e prioridades nacionais. Con impacto local-global os ODS propoñen oportunidades para que os países e as súas sociedades xeren propostas alternativas de desenvolvemento coas que mellorar a vida de todas as persoas sen deixar ningúen atrás.



## **FOMENTO DA CULTURA DE PAZ**

A cultura de paz consiste nunha serie de valores, actitudes e comportamentos que rexeitan a violencia e preveñen os conflitos, buscando identificar as causas e solucionar os problemas mediante o diálogo entre as persoas, os grupos e as nacións; tendo en conta un punto moi importante que son os dereitos humanos” (ONU 1999).



## **PROTECCIÓN DO MEDIO**

A crise climática en que nos atopamos aléntanos a xerar cambios de hábitos de consumo, de transporte, de produción, tanto colectivos coma individuais. Desenvolver unha convivencia sostible co medio é o único xeito de garantir a evolución planetaria.



**PULSE AQUÍ**



## ENFOQUE INTERCULTURAL

O enfoque intercultural está orientado ao recoñecemento da coexistencia de diversidade culturais nas sociedades actuais, que teñen que convivir cunha base de respecto cara ás súas diferentes cosmovisións, dereitos humanos e dereitos como pobos. Hoxe en día reflíctese a convivencia de varias culturas nun mesmo ámbito xa sexa físico, político ou social. Vivimos na era da globalización. As fronteiras esvaece. O afastado vólvese próximo. Descubrimos que as necesidades dos demais non difiren en moito das nosas, e que os obstáculos ou barreiras culturais son máis fáciles de levantar do que pensamos, aínda máis se falamos desde a interacción dixital. Desde este itinerario formativo centramos a importancia dunha aprendizaxe desde unha perspectiva intercultural, lembrando dentro da nosa metodoloxía o enriquecemento desta a través da interculturalidade.



## ENFOQUE DE INTERDEPENDENCIA NO CONTEXTO COVID

A destrución dos ecosistemas e a explotación do medio natural teñen consecuencias tamén na expansión de enfermidades que saltan dunhas especies a outras e que ameazan con someternos a novas pandemias nun futuro. Reflexionando sobre as aprendizaxes multixeracionais que nos deixou a COVID-19, propoñemos un modelo de traballo baseado na conformación dunha cidadanía activa, preocupada polos problemas globais e que participa en propostas de cambios a favor dun mundo máis xusto.



# COMO UTILIZAR ESTE ITINERARIO

A través deste itinerario formativo, as mozas e os mozos poñerán en marcha na súa contorna iniciativas de cambio, comunicación e/ou compromiso social que promovan a cultura de paz nas RRSS converténdose así en multiplicadores de mensaxes inclusivas que fagan reflexionar outras/os mozas/os sobre como contrarrestar positivamente os discursos de odio contra os grupos máis vulnerables.

## A QUEN ESTÁ DIRIXIDO?



Á mocidade de entre 14 e 20 anos de centros educativos de educación formal e grupos de educación non formal que teñan interese en xerar un impacto social nas súas contornas.



Profesorado, educadoras e educadores destes grupos.

## OBXECTIVOS

- ▶ Formar unha cidadanía crítica e coñecedora da realidade global, capaz de xerar novas narrativas dende o enfoque dos dereitos humanos.
- ▶ Incrementar a participación e o compromiso da xuventude no exercicio dunha cidadanía global dixital responsable.
- ▶ Desenvolver unha experiencia de aprendizaxe significativa, dende a análise e a identificación da vulneración de dereitos.
- ▶ Apoiar a xuventude na construción de propostas transformadoras para sensibilizar outras/os mozas/os.

## ESTRUTURA

O itinerario está pensado para que se poida realizar en cinco sesións de 50 minutos, sendo flexible para que educadoras/es o poidan adaptar ao tempo de que dispoñan ampliando o número de sesións segundo a profundidade coa que queiran traballar e a amplitude coa que queiran profundar nos contidos e actividades.

## CONTIDOS

- ▶ **Prevención dos discursos de odio:** concepto, elementos e tipos. Discursos que atentan contra a diversidade, relacionados co xénero e relacionados coa etnia, nacionalidade ou procedencia.
- ▶ **Alfabetización mediática: uso responsable das RRSS;** procura, análise e verificación de información; fact-checking, mentiras e desinformación.
- ▶ **Novas narrativas:** construción de ferramentas para a promoción da diversidade e defensa dos DDHH. Habilidades sociais e xestión de conflitos nas RRSS.
- ▶ **Planificación de iniciativas de cambio, comunicación e compromiso social:** deseño e implementación de iniciativas solidarias. Creación de redes e axentes de cambio.
- ▶ **Cidadanía dixital-global:** dereitos humanos, ODS e cultura de paz nas RRSS. Interdependencia e causas estruturais da crise COVID.

# COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E INDICADORES

## COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

---

Interpretar de xeito crítico o contido de textos escritos e orais

- ▶ Interpreta o contido do texto en relación cos coñecementos propios
- ▶ Realiza inferencias sobre o contido do texto
- ▶ Identifica expresións discriminatorias
- ▶ Expón unha opinión propia a partir do contido do texto

Participar de xeito activo e axeitado en intercambios comunicativos

- ▶ Intervén de xeito espontáneo e mantén unha escoita activa
- ▶ Expón un punto de vista persoal
- ▶ Respecta as intervencións dos demais, as quendas de palabra e controla o uso do tempo
- ▶ Evita o uso de expresións discriminatorias

## COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

---

Utilizar e manipular datos científicos co fin de acadar un obxectivo ou chegar a unha decisión ou conclusión baseada en probas

- ▶ Identifica preguntas, resolve problemas, establece conclusións e toma decisións baseadas en probas e argumentos.

Comprender a incidencia que teñen en xeral a ciencia, a tecnoloxía, a enxeñaría e a actividade humana na natureza

- ▶ Coñece o impacto das actividades humanas no medio e adopta actitudes e accións para o seu coidado e protección.
- ▶ Mostra responsabilidade en relación coa conservación dos recursos naturais e as cuestións ambientais.

## COMPETENCIA APRENDER A APRENDER

---

Adquirir, procesar e asimilar novos coñecementos e capacidades

- ▶ Mostra curiosidade por aprender e formula preguntas para progresar na súa aprendizaxe.
- ▶ Recoñece os seus puntos fortes e posibilidades de mellora.

Utilizar experiencias vitais e de aprendizaxe previas co fin de aplicar os novos coñecementos e capacidades noutros contextos

- ▶ Parte da súa propia experiencia para analizar a realidade
- ▶ Relaciona o aprendido coa súa propia experiencia
- ▶ Xeneraliza o aprendido e aplícao en diversos contextos e situacións



## COMPETENCIA DIXITAL

---

Utilizar recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas

- ▶ Coñece as principais ferramentas e aplicacións informáticas e realiza un uso axeitado delas.

Realizar un uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais.

- ▶ Coñece as vantaxes e inconvenientes do uso das tecnoloxías dixitais.
- ▶ Mantén un comportamento de autoprotección dos seus datos persoais, a súa intimidade e integridade e a súa identidade dixital.
- ▶ Xera producións responsables e creativas.

Desenvolver unha visión crítica da validez, a fiabilidade e o impacto da información e os datos obtidos por medios dixitais

- ▶ Utiliza, compara e procesa a información procedente de diversas fontes dixitais de xeito crítico e sistemático.
- ▶ Recoñece a información falsa e/ou daniña para si mesma/o e outras persoas e non participa na súa difusión.;

## COMPETÈNCIA SOCIAL I CÍVICA

---

Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social

- ▶ Describe as características sociais e culturais da sociedade actual, destacando a súa diversidade, pluralidade e evolución no tempo.
- ▶ Mostra unha actitude aberta ao cambio, á mellora e ao progreso social, e elabora predicións sobre a evolución da sociedade, apoiando as súas hipóteses en datos.
- ▶ Mostra unha actitude construtiva ante os conflitos e a súa resolución, ponse no lugar do outro, e utiliza o diálogo, a negociación e a mediación como vía de entendemento.

Adoptar un enfoque de cidadanía global e dereitos humanos

- ▶ Expresa e comprende puntos de vista diferentes.
- ▶ Analiza algúns dos problemas e retos da sociedade actual (poboación, xenofobia, violencia, marxinação social...), relaciónaos coas causas e consecuencias e mostra sensibilidade cara ás situacións de inxustiza social ou de discriminación.
- ▶ Mostra solidariedade e interese por resolver os problemas que afectan á comunidade local e global.
- ▶ Selecciona, utiliza e interpreta información relevante para o coñecemento e análise de feitos e problemas sociais, a partir de fontes diversas.
- ▶ Diferencia a información da opinión e da propaganda e rexeita o uso enganoso e manipulador da información, así como a linguaxe e as imaxes publicitarias de carácter racista, sexista ou ofensivo.

## SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR

---

Capacidade de análise, planificación, organización e xestión

- ▶ Toma a iniciativa en momentos oportunos e realiza un liderado efectivo.
- ▶ Xera e/ou asume a idea ou proxecto, planifica o proxecto e analiza a súa viabilidade.
- ▶ Executa as accións planificadas e realiza axustes cando son necesarios.
- ▶ Avalía as accións realizadas, comunícaas e realiza propostas de mellora.

## COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIAS

---

Coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas

- ▶ Valora a diversidade cultural e a coexistencia de distintos xeitos de expresión e de comprensión como motor de enriquecemento persoal e de contribución á convivencia colectiva, e rexeita calquera aspecto que supoña discriminación por causas de xénero, raciais ou sociais.
- ▶ Mostra respecto cara a aquelas manifestacións culturais ou artísticas afastadas dos gustos propios.

Xerar produtos artísticos como modo de expresión, representación e comunicación de emocións, vivencias e ideas.

- ▶ Elabora producións artísticas como resposta a cuestionamentos, preocupacións, ideas... presentes na súa contorna.
- ▶ Reelabora ideas, transforma producións doutras persoas, propón múltiples solucións e problematiza situacións a través de distintos produtos artísticos.





# BLOQUE I:



Discursos de odio  
e desinformación

# ANTES DE COMEZAR...

Tanto educadoras/es como as/os mozas/os deben acceder de xeito individual á seguinte ligazón a través do Equipo de Avaliación e completar o cuestionario que aparecerá.

O tempo estimado para completar este cuestionario é de 15-20 minutos.



# SESIÓN 1:

## ESCAPE ROOM



### OBXECTIVO

---

- ▶ Captar a atención da mocidade de xeito lúdico sobre as actitudes e valores que se poñen en xogo na creación e/ou propagación de mensaxes discriminatorias, atendendo especialmente aos contornos dixitais.



### BREVE DESCRICIÓN

---

Nesta sesión as/os mozas/os accederán a un escape room virtual no que, por parellas, terán que resolver unha serie de probas para salvar un dos personaxes do xogo. Para finalizar, realizarase unha reflexión grupal guiada sobre os principais conceptos tratados na actividade.



### MATERIAIS E RECURSOS

---

- ▶ Dispositivos móbiles ou ordenadores e acceso a Internet.
- ▶ Papel e bolígrafo.

### INDICACIÓNS

---

Antes de comezar deberanse tomar en conta os seguintes aspectos:


- ▶ Xógase en parellas, é necesario que as mozas e os mozos cooperen para superalo.
- ▶ Terán que comunicarse. Se xogades en liña, podedes conectarvos a través dalguna aplicación que vos permita comunicarvos, como videochamadas (non é necesario dispor de cámara, é suficiente co audio).
- ▶ Recoméndase ter papel e bolígrafo.

## ACTIVIDADE 1. ESCAPE ROOM

 (50 min)

Cada compoñente da parella debe acceder a través dos seus respectivos dispositivos móbiles ao seguinte QR:

 [PULSE AQUÍ](#)



Unha vez na web, cada integrante deberá descargar un dos materiais dispoñibles. Os materiais son diferentes para cada persoa e non se deben compartir, xa que servirán para solucionar as probas de xeito cooperativo.



# SESIÓN 2:

## DISCURSOS DE ODIIO E DESINFORMACIÓN



### OBXECTIVOS

- ▶ Comprender as causas estruturais dos discursos de odio, os seus elementos e os diferentes ámbitos en que se reproducen.
- ▶ Adquirir ferramentas para identificar os discursos de odio e erradicalos, promovendo actitudes de respecto e igualdade, principalmente nas redes sociais.
- ▶ Entender como se crea, se comparte e se amplifica a desinformación.
- ▶ Desenvolver o pensamento crítico para recoñecer desinformacións relativas a discursos de odio.



### BREVE DESCRICIÓN

Nesta sesión coñeceranse e analizaranse as mentiras que alimentan discursos de odio relacionados coa diversidade, xénero, etnia ou procedencia. As persoas participantes aprenderán como se utiliza a desinformación para alimentar os discursos de odio e como as mentiras, repetidas unha e outra vez, axudan a perpetuar os prexuízos, os estigmas e a discriminación.



### MATERIAIS E RECURSOS

- ▶ Ordenador e acceso a Internet.
- ▶ [Anexo 1.](#)
- ▶ [Anexo 2.](#)
- ▶ [Anexo 3.](#)
- ▶ [Anexo 4.](#)
- ▶ [Anexo 5.](#)



## ACTIVIDADE 1. QUE SON OS DISCURSOS DE ODI

 (15 min)

O crecente número dos denominados haters ou trolls e os seus discursos de odio alimentados por mentiras son actualmente un grave problema nas redes sociais e, en xeral, en toda a esfera dixital. Os discursos de odio están formados por contidos que atentan contra a diversidade e incitan á execución de actos de discriminación ou violencia motivados por odio xenófobo, racial, orientación sexual, prexuízo de xénero, ou outras formas de intolerancia.

De acordo coas Nacións Unidas, discurso de odio é calquera xeito de comunicación "que sexa un ataque ou utilice linguaxe pexorativa ou discriminatoria en relación cunha persoa ou un grupo baseándose en quen son ou, noutras palabras, por mor da súa relixión, orixe étnica, nacionalidade, raza, cor, ascendencia, xénero ou outro factor de identidade."

Os discursos de odio en liña (mentiras, difusión de estereotipos, hostilidade...) poden chegar a converterse en delitos de odio (unha agresión, un roubo, unha discriminación na prestación dun servizo...) recollidos no artigo 510 do Código penal e na Circular 7/2019, do 14 de maio, da Fiscalía Xeral do Estado. Estes delitos están motivados polos prexuízos do agresor cara a determinadas características da vítima, que atacan no seu discurso: a cor da pel, a relixión, a orientación sexual, a orixe nacional etc.

Traballaremos cada un dos principais tipos de discurso de odio a través de exemplos. É importante salienta que o discurso de odio está en distintos medios e redes sociais e que moitas veces unha mesma persoa pode sufrilo por motivos distintos.

Dividirase a clase en 8 grupos e a cada un deles lerá unha nova ou mensaxe ([Anexo 1](#)) para que responda as seguintes cuestións:

1. É unha mensaxe que corresponde ao discurso de odio? Que tipo de discurso de odio é?
2. Que consecuencias cres que pode ter este tipo de mensaxe para as súas vítimas?
3. Que sentimentos/pensamentos tivesches ao ler esta publicación?
4. Cres que este tipo de mensaxe debe de ser denunciada? A Rede ofrece algún tipo de canle de denuncia? Ocorréselle outro xeito de parar este tipo de mensaxes?



## ACTIVIDADE 2. DOS DISCURSOS AOS DELITOS DE ODIOS

 (10 min)

Presentamos o Iceberg do odio ([anexo 2](#)). A infografía “O iceberg do odio” ilustra as múltiples caras que presenta o discurso de odio.

Educadoras/es poden pedir ás mozas e aos mozos que citen exemplos de discursos de odio que identifiquen dentro das súas redes sociais e tamén noutras situacións. Durante o debate é importante enfatizar que os discursos de odio anteceden os crimes de odio.

Os discursos de odio preceden os delitos ou crimes de odio: na base do iceberg, invisibilizados, están en bromas, memes e chistes que estigmatizan e discriminan. Os prexuízos, estereotipos, o rexeitamento social e a discriminación tamén están invisibilizados en discursos e prácticas rutineiras. O discurso de odio pode chegar a ser un delito de odio, a punta do iceberg, cando se ten a intención de incitar actos de violencia, intimidación, hostilidade ou discriminación contra un grupo ou persoa dos colectivos mencionados.



## COMO SE CREAN E VIRALIZAN OS DISCURSOS DE ODIIO?

Os discursos de odio poden ter **múltiples obxectivos**: silenciar, humillar, intimidar, deshumanizar, perseguir, acosar, incitar á violencia, difundir estereotipos negativos ou estigmatizar determinado grupo, entre outros.

As **consecuencias** tamén son variadas e obsérvanse a nivel persoal (no sufrimento psicolóxico) e social (por exemplo, en casos en que as vítimas limitan a súa propia liberdade por medo a expoñerse ao odio).

O odio **transmítese e actúa de xeito simultáneo** tanto dentro como fóra da esfera dixital. No ambiente en liña o odio é máis visible e frecuente **facilitado polo anonimato** que os perpetradores do odio poden ter e na **velocidade de creación e difusión de contido** propio que permiten os móbiles. Ademais diso, dentro da esfera en liña moitas/os usuarias/os forman **comunidades** que reforzan os seus puntos de vista e **alimentan discursos de odio**. No **ambiente fóra de liña** o odio quedaba relegado a **ámbitos máis reducidos e radicalizados**.

Isto provocou que a presenza dos discursos de odio en liña aumentase nos últimos anos. Moitas veces é complicado identificalos porque aparece disfrazado de moitas emocións e valores como o nacionalismo ou a defensa das tradicións. Case todas, con todo, **buscan unha resposta emocional e xeran actitudes negativas** que afectan á vida en sociedade ao espertar prexuízos e “expandir” o odio e a discriminación.

Un dos sentimentos máis utilizados é o **medo**, a través de **prexuízos e estereotipos negativos** constrúese un “outros/as” que se identifica como unha ameaza contra os propios intereses. Deste xeito, **utilízanse algúns colectivos para xustificar as desigualdades e crises estruturais**. Por exemplo: “as persoas que viven na rúa son perigosas”, “as/os estranxeiras/os veñen quitarnos o traballo”, “os e as MENAS (menores estranxeiros non acompañados) crean inseguridade”... Crear unha distancia artificial entre “nós” e os “outros” e atacar “o outro” é unha maneira de simplificar os problemas políticos e económicos e presentar un “inimigo” contra quen loitar.

A defensa da **cultura e as tradicións é outro dos argumentos que alimenta discursos de odio contra minorías relixiosas, persoas estranxeiras e racializadas** ou distintas formas de **orientación sexual e/ou identidade de xénero**. É importante lembrar que ningunha cultura é inmutable, senón que estas varían e modifícanse co transcurso da historia. **A cultura é un concepto amplo e transversal**, que non só considera a orixe nacional ou étnica, senón que afecta a outros conceptos como o xénero, a orientación sexual e identidade de xénero, a relixión etc. Vivir dentro da diversidade cultural e practicar a interculturalidade significa **construír unha relación recíproca entre culturas e aceptar a diferenza**.



## COMO EDUCADORES/AS DEBEMOS LEMBRAR:

- ▶ **Teñamos coidado cos nosos propios prexuízos:** cuestiona sempre as túas ideas. Busca formas de expresión cultural (músicas, películas, documentais) que che axuden a repensar as túas ideas preconcebidas.
- ▶ **Traballemos a interculturalidade.** A interculturalidade é un tipo de relación que se establece intencionalmente entre culturas e que propugna o diálogo e o encontro entre elas a partir do respecto e do recoñecemento mutuo dos seus respectivos valores e formas de vida.
- ▶ **Teñamos en conta o contexto,** é importante para entender calquera información. Examinemos ben as nosas fontes de información e contrastemos sempre. Os medios dan forma á realidade.
- ▶ **O odio non soluciona nada.** E menos crises económicas ou outros problemas estruturais. Desconfiemos sempre de solucións fáciles para grandes problemas, sobre todo as que utilizan emocións e sentimentos negativos.



Podemos completar información sobre  
CÓMO EVITAR OS DISCURSOS DE ODIO (**Anexo 5**)

## ACTIVITAT 3. IDENTIFICAR LA DESINFORMACIÓ

 (10 min)

Comezamos a actividade co visionamento do seguinte vídeo:



Despois do visionamento realizarase un debate entre as/os mozas/os sobre os principais motivos da desinformación.

Cales son os elementos clave para identificar os contidos falsos?

- ▶ A linguaxe. A linguaxe das mentiras case sempre vai ser sensacionalista para atraer a nosa atención e para apelar directamente ás nosas emocións (medo e enfado son as preferidas).
- ▶ As evidencias. A maioría de mentiras baséanse en relatos e nunca achegan ningunha evidencia como probas, ligazóns ou datos concretos.
- ▶ As fontes. Tampouco esperes que os contidos falsos che indiquen cales son as fontes das que sacaron a información porque ou non as hai ou non as coñece ningún.

A desinformación vén en formatos variados coma memes, cadeas de WhatsApp, imaxes e vídeos nas redes sociais, audios, capturas de pantalla... Ás veces a mentira disfrázase de noticia copiando o formato dun artigo xornalístico ou presentándose coma un estudo científico. As capturas de imaxes son moi doadas de compartir e moven todo tipo de contidos. É fundamental entender que a desinformación vai moito máis alá das denominadas "FAKE NEWS" (ou sexa: materiais con aspecto de noticia pero que teñen un contido falso) e que nos pode chegar a través de distintos medios e ter case calquera forma.

Que tipos de contidos falsos reciben máis frecuentemente? Pedirase que traten de achegar exemplos de mentiras que viron recentemente nas redes sociais

## INFORMACIÓN PARA COMPARTIR COAS/COS MOZAS/OS: **POR QUE SE DESINFORMA?**

Frecuentemente, os discursos de odio utilizan **estratexias desinformadoras** como infrarrepresentar datos estatísticos, sacar de contexto citas textuais ou directamente crear artificialmente contido e publicalo.

Algunhas veces, desinfórmase para obter beneficios económicos, outras por influír nunha batalla ideolóxica ou nalgúns casos simplemente por pura maldade ou para sementar o caos. As motivacións máis frecuentes identificadas por [Maldita.es](https://www.maldita.es) son:



1

### **Interese económico**

Retorno económico a partir dos clics (mentiras ou titulares enganosos que teñen como obxectivo xerar ingresos publicitarios coas visitas ou difusión). Noutras palabras: facer que accedas a unha determinada páxina xerando visitas a esta e/ou visualizando publicidade.

2

### **Interese ideolóxico**

Tratan de modificar a nosa percepción da realidade ao presentarnos uns feitos distorsionados ou directamente falsos que favorecen a nosa predisposición para apoiar unha determinada ideoloxía. Por exemplo, a desinformación sobre migracións.

3

### **Interese en crear caos ou troleiar**

Mentiras cuxa motivación ou beneficio non conseguimos identificar/definir e que, en aparencia, só buscan sementar o caos. Co tempo poden facer que desconfiemos de todo o que nos chega dos medios e as fontes oficiais

Suxerimos ver a infografía "Os 10 personaxes da desinformación" (**Anexo 3**).

## ACTIVIDADE 4. INVESTIGACIÓN DE MENTIRAS

 (15 min)

As/os educadoras/es distribuirán dous exemplos de mentiras que fomentan discursos de odio ([Anexo 4](#)) entre as mozas e os mozos:

### ► Caso 1



Axudas a menores estranxeiros non acompañados



[PULSE AQUÍ](#)

### ► Caso 2



Desacreditación das reivindicacións das mulleres



[PULSE AQUÍ](#)

Cada mozo/a terá algúns minutos para facer unha rutina de pensamento individual centrada nas seguintes preguntas:

1. É unha mentira? Por que creo que é ou non é unha mentira?
2. Que podo dicir sobre o seu formato, linguaxe e temática?
3. Que sinto cando leo isto?

Per a responder a la pregunta n.2 ens remetem a la informació de la pàgina 20: Quins són els elements clau per a identificar els continguts falsos? A sota del quadrat blau.

Despois de poñer en común as súas respostas, cada grupo realizará unha busca inversa de imaxe. O primeiro que hai que facer é gardar unha copia da mensaxe ou publicación como imaxe no ordenador. Subiremos esa imaxe a un buscador (por exemplo en <https://images.google.com/>) e faremos unha procura inversa: ese buscador atopa a mesma foto ou outras similares. Tamén o podemos facer identificando o URL da fotografía.

Pódese consultar un vídeo co paso a paso do proceso de busca inversa para rastrexar as mentiras aquí



[PULSE AQUÍ](#)

Para finalizar a sesión, a modo de resumo compartirase coas mozas e mozos o [Anexo 5](#)

## PARA PROFUNDAR MÁIS: ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA

 (50 min)

### VERDADE OU MENTIRA?

**Coronavirus Edition** É un xogo educativo para persoas a partir dos 14 anos baseado no xogo Pandemonium, desenvolvido na Universidade de Stanford, e que busca que as/os xogadoras/es aprendan a diferenciar entre noticias informativas e desinformación no ámbito da pandemia do coronavirus.

O xogo está pensado para grupos de entre 5 e 9 persoas e cada partida dura ao redor de 30 minutos. Un das/dos participantes asume o papel de narrador e vai dando paso ás distintas fases do xogo ademais de xogar coma os demais. Divídense en dous equipos e poden

ser “os bos”, que tratan de distinguir entre noticias informativas e desinformación e descubrir as mentiras ou “os malos”, que buscan propagar falsidades e confundir os lectores.

O obxectivo do xogo é descubrir e alertar da desinformación. Se en varias roldas “os bos”, conseguen parar a desinformación gañan, e se esta non se detecta e pasa por información veraz, gañan “os malos”.

Descárgao aquí:



PULSE AQUÍ

**VERDAD**  
**O BULO**

*Coronavirus Edition*



# BLOQUE II:



Construcción de  
novas narrativas



# SESIÓN 3:

## QUE SON AS NOVAS NARRATIVAS



### OBXECTIVOS

---

- ▶ Entender que son as novas narrativas e como nos axudan a non amplificar os discursos de odio.
- ▶ Explorar as novas narrativas a través de exemplos.



### BREVE DESCRICIÓN

---

Nesta sesión propoñemos realizar dúas actividades coa finalidade de que as mozas e os mozos logren unha nova forma de comunicar a través de mensaxes que sexan positivas, creativas e transformadoras orientadas ao ben común. Na primeira actividade, mostraremos exemplos reais de proxectos que están a xerar novas narrativas e que nos ofrecen ferramentas e recursos para promover esta comunicación desde o positivo e o integrador. A segunda actividade, os grupos de mozos/as comezarán a deseñar a súa proposta de acción de cambio, elixindo a temática sobre a que van traballar nas sesións posteriores.



### MATERIALS I RECURSOS


---

- ▶ Ordenador e acceso a Internet.
- ▶ [Anexo 6.](#)
- ▶ [Anexo 7.](#)

## ACTIVIDADE 1. ANÁLISE DE NOVAS NARRATIVAS

 (30 min)

As educadoras e os educadores dividen as/os mozas/os en cuatro grupos. Cada un deles debe analizar exemplos de novas narrativas. A partir da observación e debate deben completar o anexo 6 e presentalo rapidamente a toda a clase.



Para comezar, proxectamos o seguinte video da Fundación PorCausa, no que Verónica Martin nos conta brevemente en que consiste o enfoque de novas narrativas. O video inclúe preguntas interactivas para responder xunto ás mozas e mozos.

### PROXECTOS BASEADOS EN NOVAS NARRATIVAS:



#### 1. NOLESDCASITO:

NolesdesCasito promove estratexias para frear o odio ultra nas redes. O proxecto ten unha páxina web e está activo principalmente en Twitter. Os seus autores publican infografías e moi bos consellos para frear o odio utilizando novas narrativas.

#### RESPUESTAS:

- ▶ Principal temática: Frear o odio da ultradereita.
- ▶ Público obxectivo: Mocidade e adultas/adultos usuarias/os de Twitter/Internet.

- ▶ Que estereotipos sobre o tema intentan desmontar? Están enfocados en ensinar a non amplificar discursos de odio nas redes e utilizar as redes sociais para publicar outras narrativas, comunicando en positivo.
- ▶ Que estratexias multimedia utilizan? Infografías.
- ▶ Cal é o ton da comunicación? Informal

 [PULSE AQUÍ](#)



## 2. USERA ANTIRUMORES

Usera Antirumores é unha campaña para xerar discurso de respecto compartido e contribuír á mellora da convivencia e á cohesión social. Usera é un barrio de Madrid que acolle gran parte da cidadanía chinesa que vive na capital, o barrio é coñecido como o Chinatown madrileño.

### RESPUESTAS:

- ▶ Principal temática: Desmontar tópicos racistas e xenófobos.
- ▶ Público obxectivo: A veciñanza de Usera

(Madrid)/ Internautas que coñezan a páxina do proxecto. Mocidade e adultas/os.

- ▶ Que estereotipos sobre o tema intentan desmontar? Están enfocados a desmontar os rumores sobre os inmigrantes (sobre todo os estranxeiros procedentes da China).
- ▶ Que estratexias multimedia utilizan? Páxina web, vídeos, glosario e perfís nas redes sociais.
- ▶ Cal é o ton da comunicación? Formal.



[PULSE AQUÍ](#)



## 3. SAVE A HATER:

Save a hater é unha iniciativa da ACCEM que ofrece ferramentas, información, vídeos e ligazóns para combater o racismo, a xenofobia, a misoxinia, a homofobia e a propagación de contido falso.


### RESPUESTAS:

- ▶ Principal temática: Campaña para identificar o odio nas redes sociais e "salvar" os haters.

- ▶ Público obxectivo: Mocidade e adultas/adultos usuarias/os das redes sociais.
- ▶ Que estereotipos sobre o tema intentan desmontar? Están enfocados a identificar quen son os haters e a mellor maneira de identificar e desmontar os seus discursos.
- ▶ Que estratexias multimedia utilizan? Memes, viñetas, stickers, páxina web, vídeos e perfís nas redes sociais, entre outros.
- ▶ Cal é o ton da comunicación? Informal.



[PULSE AQUÍ](#)



## 4. MAD4YU:

Yu é unha produtora de contido de orixe chinesa que leva anos vivindo en España. A moza utiliza diversas redes sociais para denunciar os tópicos contra a poboación chinesa e denunciar discursos xenófobos.

### RESPUESTAS:

- ▶ Principal temática: Desmontar tópicos racistas e xenófobos con relación á poboación migrante chinesa.

- ▶ Público obxectivo: Mozos e mozas que utilizan as redes sociais (sobre todo TikTok e YouTube).
- ▶ Que estereotipos sobre o tema tentan desmontar? Está enfocada a desmontar os rumores sobre inmigrantes chineses.
- ▶ Que estratexias multimedia utilizan? Redes sociais
- ▶ Cal é o ton da comunicación? Informal.



[PULSE AQUÍ](#)

## ACTIVIDADE 2. QUE DISCURSO DE ODIQ QUEREMOS TRABALLAR?

 (20 min)

Unha vez que as mozas e os mozos descubriron que os discursos do odio se poden previr chega o momento en que elaboren a súa propia acción para contrarrestalos e transformar as súas contornas máis próximas.

En primeiro lugar, e para que as accións partan dos seus propios intereses, realizarán unha pequena investigación sobre os discursos de odio nas redes sociais. Educadoras/es formarán os grupos cos que as/os mozas/os van levar a cabo as súas iniciativas. O número de integrantes de cada grupo dependerá das características do grupo, suxírese crear grupos de 4 ou 5 persoas. Para organizar os grupos ten en conta diversos factores como: niveis, estilos de aprendizaxe e afinidades.

Cada grupo decidirá a temática sobre a que vai traballar a súa nova narrativa. Lembremos que os tipos de discurso de odio son: machismo, racismo, xenofobia, LGTBIQfobia, aporofobia, capacitismo, antixitanismo, islamofobia; e que estes poden interseccionar (por exemplo, machismo e racismo poden aparecer nunha mesma mensaxe, afectando principalmente as mulleres racializadas).

Para comezar a **investigar e decidir o tema** das súas campañas de comunicación, fórmulanse as seguintes preguntas:

1. Que discursos de odio vin ultimamente nas redes sociais (ou medios de comunicación)?
2. Cal me impactou máis?
3. Que tema me interesa máis? Cal considero máis importante para a sociedade?

Sobre a temática elixida completarán a ficha: "Elección da temática da miña acción de cambio" ([Anexo 7](#)), que poden completar na casa se é necesario.

O ou a educador/a recollerá cada ficha de elección do tema para valorar a viabilidade da proposta de cada grupo. Non importa que diferentes grupos elixan unha mesma temática, se as súas iniciativas coinciden en actividades e obxectivos, suxírese que estes grupos se xunten para unir esforzos e realizar unha iniciativa conxunta.

# SESIÓN 4:

## PLANIFICACIÓN DE ACCIÓNS DE CAMBIO



### **OBXECTIVOS**

---

- ▶ Producir unha iniciativa dentro do marco das novas narrativas.
- ▶ Fomentar o entendemento da diversidade e o compromiso social para a súa promoción.



### **BREVE DESCRICIÓN**

---

Nesta sesión as mozas e os mozos deseñarán a estrutura da súa acción de cambio, establecendo os obxectivos, actividades e accións que van desenvolver para levala a cabo e realizarán o reparto de responsabilidades e tarefas. Potenciarase o traballo en equipo e a creatividade.



### **MATERIAIS E RECURSOS**

---

- ▶ Ordenador e acceso a Internet.
- ▶ [\*\*Anexo 8.\*\*](#)
- ▶ [\*\*Anexo 9.\*\*](#)
- ▶ [\*\*Anexo 10.\*\*](#)



## ACTIVIDADE 1. ESTRUTURA DUNHA ACCIÓN DE CAMBIO


 (30 min)

Comezamos a sesión proxectando ou entregando o [Anexo 8](#), que nos lembra as claves para elaborar unha nova narrativa. Antes de comezar a planificación, as mozas e os mozos lerán detidamente o [Anexo 9](#) e poderán consultar as súas dúbidas coas/cos educadoras/es.

Segundo o traballado en sesións anteriores, coñecendo os discursos de odio e comunicando a través de novas narrativas, o grupo deberá planificar unha acción de cambio e a través dela traballar para previr o discurso de odio elixido na sesión anterior. Esta acción terá dous momentos:

- 1.** Cada grupo deberá programar unha sesión presencial na que mostren a súa acción a outro grupo de rapaces da súa contorna, preferiblemente con idades comprendidas entre 8 e 14 anos (outros cursos, grupos de asociación ou programas da plataforma social).
- 2.** Difusión da acción de cambio a través das RRSS: os grupos crearán contidos para difundir a súa acción de cambio nas redes sociais.

Para apoialos/as na planificación da súa acción, o grupo completará o [Anexo 10](#), que recolle os obxectivos, accións e resultados previstos para levar a cabo as súas accións de cambio. Pode resultar útil que teñan á man o [Anexo 7](#) que completaron na sesión anterior.



## ACTIVIDADE 2. REPARTO DE RESPONSABILIDADES E TAREFAS



Para que a iniciativa teña éxito e todas/os teñan un papel activo, farase un reparto de responsabilidades. Entre estas responsabilidades atopamos as seguintes, que cada grupo pode repartir segundo crea conveniente e en función do número de integrantes do grupo:

<b>ROL</b>	<b>RESPONSABILIDADES</b>
Investigación	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Recompilación de información e comprobación de fontes.</li><li>▶ Elaboración do argumentario.</li></ul>
Deseño e imaxe	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Elaboración de materiais para a presentación da acción.</li><li>▶ Creación da imaxe e identidade do grupo (hashtag, slogan, logo, cores...).</li></ul>
Difusión	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Creación de contidos para as redes sociais.</li><li>▶ Difusión da iniciativa e xestión das RRSS.</li></ul>
Loxística	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Redacción e recompilación dos documentos xerados (incluídos os anexos deste itinerario)</li><li>▶ Realización de fotografías e vídeos do proceso.</li><li>▶ Xestión de material e espazos físicos onde se vaia presentar a iniciativa.</li></ul>
Coordinación	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Establecer calendario xunto co resto de integrantes.</li><li>▶ Velar polo cumprimento das responsabilidades de cada equipo.</li><li>▶ Contacto con outros grupos de mozas/os.</li><li>▶ Coordinación con educadoras/es.</li></ul>
Réplica con outras/os mozas/os	<ul style="list-style-type: none"><li>▶ Desenvolver o guión da sesión.</li><li>▶ Presentar a acción.</li></ul>

Para a planificación das tarefas propoñemos traballar a través dunha estrutura tipo Kanban. Esta ferramenta permite, dun xeito moi visual, ter claras as tarefas pendentes, as que se están facendo e as que xa se completaron, ademais dos responsables da súa execución. Isto serve como un reforzo positivo continuo para as mozas e os mozos, xa que elas/es mesmas/os mostran os seus progresos e van avaliando o seu traballo a medida que o desenvolven. Ferramenta:



[PULSE AQUÍ](#)

Non importa o formato que se lle dea á nosa táboa de accións, o importante é que as mozas e os mozos poidan comprobar frecuentemente o progreso da iniciativa, xa sexa en modo dixital ou de forma analóxica a través dun papel contínuo, encerado magnético ou similar:


**ACCIÓN DE CAMBIO:**

LISTAXE DE TAREFAS	DATA LÍMITE	RESPONSABLE	POR FACER	EN PROGRESO	Rematado
Tarefa 1					
Tarefa 2					
Tarefa 3 ...					





# BLOQUE III:



Implementación  
de campañas

# SESIÓN 5:

## PREPARACIÓN E IMPLEMENTACIÓN DA INICIATIVA



### OBXECTIVOS

- ▶ Potenciar o papel protagonista da mocidade na multiplicación e difusión de novas narrativas e a promoción do respecto e a diversidade contra os discursos de odio.
- ▶ Guiar as mozas e mozos na implementación das súas accións de cambio.
- ▶ Sensibilizar outras/os mozas/os para a prevención dos discursos de odio.



### BREVE DESCRICIÓN

Nesta sesión as mozas e os mozos disporán dun espazo para empezar a traballar nas súas iniciativas. A actividade 1 terá unha duración de polo menos 50 minutos, dependendo do tempo que necesite cada grupo para preparar a súa acción de cambio, e a duración da actividade 2 dependerá do que cada grupo planificou para implementar a súa iniciativa.



### MATERIAIS E RECURSOS

- ▶ Ordenador e acceso a Internet
- ▶ Papel e bolígrafo
- ▶ Materiais que se planificaron para realizar a acción de cambio
- ▶ [Anexo 11.](#)



## ACTIVIDADE 1. POSTA EN MARCHA

 (50 min)

Unha vez estruturadas as tarefas e os seus responsables na sesión anterior cada persoa comezará a desenvolver as funcións asignadas. Se varias persoas comparten o mesmo rol, realizaranse reunións por equipos de traballo para completar as tarefas asignadas.

É importante nesta fase que todos os grupos realicen unha última revisión das actividades e verifiquen a calendarización das publicacións nas RRSS (pódese tomar como exemplo a grella do anexo 11: Programación das RRSS) así como a data e características do grupo co que van realizar a sesión de sensibilización posteriormente.

É importante nesta fase que todos os grupos realicen unha última revisión da planificación da acción e das actividades que van implementar con outros mozos/as, pechando as datas e características do grupo co que van realizar a sesión de sensibilización posteriormente; ademais de establecer a calen-

darización das publicacións nas RRSS (pódese tomar como exemplo a grella do anexo 11: Programación das RRSS)



**Canva**



[PUNXA AQUÍ](#)




**Genial.ly**



[PUNXA AQUÍ](#)

Aconsellamos tamén, para a intervención presencial, incorporar algunha dinámica ou actividade práctica para traballar os contidos que se están abordando na acción de cambio nas redes sociais.



## ACTIVIDADE 2. IMPLEMENTACIÓN



Durada variable en función de les accións a desenvolver

Se as accións son extensas no tempo, recoméndase fixar reunións periódicas cos grupos (por exemplo unha vez á semana) para facer un seguimento, repasar o calendario e avanzar nas tarefas. É importante ao establecer o calendario ter en conta tamén a temporalización da acción nas redes.

Algunhas destas evidencias poden ser:

- ▶ Kanban de cada grupo xa finalizado.
- ▶ Ligazón do sitio/espazo na rede social onde se lanzou a campaña.
- ▶ Calendario de publicacións.
- ▶ Fotografías do proceso de creación da iniciativa.
- ▶ Fotografías (tomadas desde o fondo da

clase ou co permiso por escrito dos participantes) das sesións presenciais que se realicen noutros cursos ou con outros grupos.

- ▶ **Anexos 7 e 10 do itinerario formativo\***
- ▶ Vídeo ou audio en que se recolla a aprendizaxe de todas as persoas do grupo durante a planificación e implementación da acción de cambio.

Todas estas evidencias, e calquera outra que se poida achegar ao grupo para verificar a realización do proxecto, achegarse á ficha de "sistematización da acción de cambio" que completarán as e os educadoras/es a través dun formulario en liña:



[PULSE AQUÍ](#)



# SESIÓN 6: AVALIACIÓN



## OBXECTIVOS

- ▶ Realizar unha avaliación individual e grupal do proceso de aprendizaxe do itinerario.



## BREVE DESCRICIÓN

Ao finalizar o itinerario formativo é fundamental avaliar de xeito individual as aprendizaxes e procesos que se viron reforzados, así como os cambios de actitudes. Para iso presentamos un cuestionario de avaliación individual que nos permita comparar algunhas claves do proceso; doutra banda, mediante unha dinámica grupal que xunte unha liña do tempo cunha dinámica onde poderán expresar as emocións, aprendizaxes, valores e mellores sentidas polos participantes do proceso.



## MATERIAIS E RECURSOS

- ▶ Ordenador e acceso a Internet
- ▶ [Anexo 12.](#)



## ACTIVIDADE 1. AVALIACIÓN INDIVIDUAL

 (15 min)

En primeiro lugar realizarase de xeito individual o cuestionario deste código QR.

É importante que cada participante o realice de maneira individual e que lle dedique tempo para contestar estas preguntas que nos axudarán a avaliar o impacto e os cambios persoais e aprendizaxes.

O tempo estimado para contestar este cuestionario é de 15 e 20 minutos.



[PULSE AQUÍ](#)



## ACTIVIDADE 2. AVALIACIÓN GRUPAL DO ITINERARIO “PON A MESA”

 (35 min)


Ao finalizar a avaliación individual propónse realizar unha avaliación grupal do proceso de itinerario. Para iso propoñemos unha dinámica que utiliza unha liña do tempo dos ítems máis destacados do itinerario cunha técnica que permite plasmar valores, aprendizaxes e emocións.

Para realizar esta avaliación necesitamos 4 espazos na aula, que se converterán en mesas de traballo onde colocaremos papel continuo, a modo de manteis.

Dividirase o grupo grande en 4 subgrupos e cada un deles irá pasando por cada mesa, para avaliar cada un dos ítems propostos. O tempo de estancia en cada mesa para realizar a avaliación é de 5 minutos polo que a duración aproximada desta dinámica sería entre 20 e 30 minutos.

As preguntas e ítems para avaliar en cada mesa recóllense no [Anexo 12](#).






### **MESA 1. FITO:**

#### **SCAPE ROOM: O OUTRO LADO**

Nesta mesa avaliarase: **“O que puideren sentir ao outro lado foi...”** a través de emojis o momento en que iniciaron o itinerario co escape room. Cada persoa do grupo coloca, da listaxe de emojis que se ofrece no anexo, un ou dous que representen as emocións que lles xurdiron ao participar no escape room.

---




### **MESA 2: FITO:**

#### **DESMONTANDO MENTIRAS**

Nesta mesa os grupos terán que recoller os valores que se reforzaron en relación coas sesións 2 e 3 e as súas actividades respondendo a pregunta:

---

**Que valores reforzaches?** Utilizando para iso a listaxe que aparece no anexo 12 ou outros que poida propoñer o grupo.



### **MESA 3. FITO:**


#### **CONSTRUÍNDO O NOSO PROXECTO.**

Nesta mesa avaliarase todo o relacionado coas actividades da sesión 4 na que deseñaron conxuntamente a actividade que puxeron en marcha. Estas sesións significaron tempo preparando, deseñando, organizando a loxística, espazos, repartición de tarefas.

---

#### **Que aprendizaxes acadaches?**

No [Anexo 12](#) propónse unha listaxe de posibles aprendizaxes para facilitar as respostas.



### **MESA 4. FITO:**

#### **A TÚA ACCIÓN DE CAMBIO.**

Nesta mesa centrámonos na avaliación da realización da acción de cambio que xa se levou a cabo. É unha parte importante porque queremos descubrir como o grupo percibe o impacto e o grao de transformación a partir da construción e realización da súa acción. Nesta mesa dentro do papel continuo motívase coa seguinte pregunta:

---

**Como credes que cambiastes a realidade?** Colocarase a imaxe dunha lanterna ([Anexo 12](#)) onde valorarán o alcance de cambio da súa actividade, nunha escala de nada, pouco, algo, moito, bastante. Cada grupo marca unha destas escalas e argumenta por que elixiu esa opción.





# The New York Times

INTERNATIONAL EDITION | TUESDAY, FEBRUARY 18, 2020

PHONES  
EDGE,  
ST AVOIDED

**CUTE BUT COSTLY  
JAPAN'S MASCOT  
MANIA DIES DOWN**

PAGE 11 | BUSINESS

## Coronavirus and the fear of recession

Eswar S. Prasad

# ANNEXOS



The child

The Animals in the  
Well exhibition on  
William S. Burroughs,  
Southfields, London.

**MADE FORBERG, A MOVE**  
WILLIAM S. BURROUGHS

**LET THE MICE IN**  
MIGNON OFFER

# ANEXO 1:

## TIPOS DE DISCURSO DE ODIOS

Como xa vimos, os discursos de odio son ataques discriminatorios motivados por prexuízos contra determinados colectivos. Os tipos de discurso de odio máis frecuentes son:

- ▶ **Racismo:** a creza de que, por motivo da raza, a cor, o idioma, a relixión, a nacionalidade ou a orixe nacional ou étnica, xustifícase o desprezo dunha persoa ou grupo de persoas ou se acrecenta a noción de superioridade dunha persoa ou grupo de persoas.
- ▶ **Antixitanismo:** un xeito específico de racismo contra a poboación romá/xitana e que se define como unha ideoloxía baseada na superioridade racial alimentada por unha discriminación histórica.
- ▶ **Islamofobia:** forma específica de prexuízo e/ou temor cara ao islam, as persoas que o procesan e todo o relacionado con elas.
- ▶ **Xenofobia:** actitudes, prexuízos ou condutas que rexeitan, exclúen e, moitas veces, desprezan outras persoas, baseados na condición de estranxeiro ou extraño á identidade da comunidade, da sociedade ou do país.
- ▶ **Aporofobia:** o termo foi acuñado pola filósofa española Adela Cortina e refírese á aversión ás persoas pobres, indixentes ou desfavorecidas. A filósofa defende que é a aporofobia o que alimenta o rexeitamento a inmigrantes e refuxiados: non son rexeitados por ser estranxeiros, senón por ser pobres.
- ▶ **Machismo:** forma de prexuízo que considera que existe unha superioridade do varón. Prepotencia dos varóns respecto das mulleres.
- ▶ **LGTBIQfobia (Orientación sexual e/ou identidade de xénero):** rexeitamento a persoas gais, lesbianas, bisexuais e transexuais, transxénero e intersexuais debido á súa orientación sexual.
- ▶ **Capacitismo:** Discriminación cara ás persoas discapacitadas polo simple feito de serlo.






Tweet de desafío.

Me cago en el j... chino que se comió un pangolin semicrudo y una sopa de murciélago de entrante.

11:45 PM · Oct 3, 2021 · Twitter Pro · 100 Views

7262 Retweets · 27,1k Me gusta





**Responde as seguintes preguntas:**

**1.** É unha mensaxe que corresponde ao discurso de odio? Que tipo de discurso de odio é?



Empty text input area for question 1.

**2.** Que consecuencias cres que pode ter este tipo de mensaxe para as súas vítimas?



Empty text input area for question 2.

**3.** Que sentimentos/pensamentos tiveches ao ler esta publicación?



Empty text input area for question 3.

**4.** Cres que este tipo de mensaxe debe de ser denunciada?  
A rede ofrece algún tipo de canle de denuncia?



Empty text input area for question 4.

## ANEXO 2.

# ICEBERG DO ODIO



# ANEXO 3.

## OS 10 PERSONAXES DA DESINFORMACIÓN

### LOS 10 PERSONAJES DE LA DESINFORMACIÓN

La desinformación tiene muchos formatos: webs, capturas de pantalla, audios, vídeos, etc. y todas de ellos siempre hay personas que los crean, todas ellas tienen distintas intenciones:



#### 1 GENERADOR DE ODIO

Crea mensajes falsos para atacar a grupos específicos como mujeres, población LGBTI+, migrantes o grupos minoritarios. Busca viralizar el odio.



#### 2 CONSPIRANOICO

Crea teorías sin pruebas, evidencias científicas o datos contrastados. Ante situaciones de crisis o miedo son consumidas y se viralizan como reales.



#### 3 IMITADOR

Imita a un modo de comunicación o se hace pasar por periodista. Quiere que hagas click en su sitio y veas la publicidad por la que recibe dinero o que su mensaje político se viralice.



#### 4 ESTAFADOR

Crea contenido falso imitando marcas o aprovechando una crisis para obtener datos o dinero con el engaño.



#### 5 POLITICO

El poder da credibilidad y algunos políticos aprovechan esa confianza para esparcir sus mentiras e intentar cambiar el debate público.



#### 6 FAMILIAR

Las personas confían más en familiares o amigos cercanos. Reenvía bulos o contenidos sin pruebas y el receptor se los cree porque confía en quien lo mandó.



#### 7 FALSO INFILTRADO

Afirma que tiene información real sobre un lugar donde supuestamente vive o trabaja y pide que confíen en ella porque tiene datos "desde dentro". Lo hace sin pruebas.



#### 8 BROMISTA

Crea una broma, pero alguien no la entiende y la comparte a otros como si fuera real; se convierte en un bulo.



#### 9 CELEBRIDAD

Su notoriedad le da credibilidad y destruye bulos o contenidos sin pruebas.



#### 10 BOT

Persona controlada para manejar cuentas falsas de redes sociales para difundir desinformación con el fin de influir en el discurso público.

# ANEXO 4.

## COMO IDENTIFICAR AS MENTIRAS

### CASO 1: AXUDAS A MENORES ESTRANXEIROS NON ACOMPAÑADOS



1. É unha mentira? Por que creo que é ou non é unha mentira?



2. Que podo dicir sobre o seu formato, a súa linguaxe e temática?



3. Que sinto cando o leo?



4. Tras investigalo, descubrín:





## CASO 2: DESACREDITACIÓN DAS REIVINDICACIÓNS DAS MULLERES



HilaranTvMx  
@HilaranTvMx



1. É unha mentira? Por que creo que é unha mentira?



2. Que podo dicir sobre o seu formato, a súa linguaxe e temática?



3. Que sinto cando o leo?



4. Tras investigalo, descubrín:



## ANEXO 5.

# EVITA ALIMENTAR OS DISCURSOS DE ODIO

### LEMBRA

Sabemos que a esfera dixital en xeral, e especificamente as redes sociais, favorecen a rápida proliferación dos discursos de odio facendo que a mocidade, polo uso intenso que adoita facer destes medios dixitais, estea máis exposta aos seus efectos.

Para combatelos, cómpre estar atentos á información que nos chega, avaliar o seu contido, verificar se se trata dunha mentira e evitar compartir contido de odio.

- ▶ Evita escribir ou compartir mensaxes reactivas e/ou moi emocionais sen pensalo ben. Lembra que cando xa estea publicada, a mensaxe pode ter consecuencias na túa vida e nas dos demais.
- ▶ Desconfía sempre das mensaxes que ofrecen solucións sinxelas a problemas complexos (como a crise económica) ou que son froitos de reaccións emocionais provocadas polo medo ou pola rabia.
- ▶ En lugar de compartir contido de odio (aínda que sexa criticándoo), é mellor utilizar as túas redes para publicar iniciativas en positivo e textos ou vídeos que fomenten a interculturalidade.
- ▶ Dedicar parte do teu tempo en liña a construír novas narrativas que destapen a diversidade e rompan o espazo creado artificialmente entre "nós" e o "outro".



# ANEXO 6.

## ANÁLISE DE NOVAS NARRATIVAS

Escolle unha das seguintes iniciativas sobre novas narrativas (subliña o nome) e responde as preguntas.

### 1. Nolesdescasito



[PULSE AQUÍ](#)

Nolesdescasito promove estratexias para frear o odio ultra nas redes. O proxecto ten unha páxina web e está activo principalmente en Twitter. Os seus autores publican infografías e moi bos consellos para frear o odio utilizando novas narrativas.

### 2. Usera Antirumores:



[PULSE AQUÍ](#)

Usera Antirumores é unha campaña para xerar discurso de respecto compartido e contribuír á mellora da convivencia e á cohesión social. Usera é un barrio de Madrid que acolle gran parte da cidadanía chinesa que vive na capital, o barrio é coñecido coma o Chinatown madrileño.

### 3. Save a hater



[PULSE AQUÍ](#)

Save a hater é unha iniciativa da ACCEM que ofrece ferramentas, información, vídeos e ligazóns para combater o racismo, a xenofobia, a misoxinia, a homofobia e a propagación de contido falso.

### 4. Mad4yu



[PULSE AQUÍ](#)

Yu é unha produtora de contido de orixe chinesa que leva anos vivindo en España. A moza utiliza diversas redes sociais para denunciar os tópicos contra a poboación chinesa e denunciar discursos xenófobos.

Cal é a principal temática da iniciativa?



Cal é o seu público obxectivo?



Que estereotipos sobre o tema tentan desmontar?



Que estratexias multimedia utilizan (vídeos, infografías, posts nas redes sociais)?



Cal é o ton da comunicación (formal ou informal)?



# ANEXO 7.

## ELECCIÓN DA TEMÁTICA DA MIÑA ACCIÓN DE CAMBIO

**Tipo de discurso de odio que máis me preocupa ou afecta:**

Por que quero traballar este discurso?



No noso día a día, onde atopamos estas mensaxes?



Causas (Por que se xera este tipo de discurso de odio? Quen o produce e difunde? Que intereses teñen esas persoas?)



Consecuencias (Como afecta as persoas e colectivos?)



Que quero cambiar?



Exemplos, noticias e datos relevantes



Outros (testemuños, iniciativas etc.)



## ANEXO 8.

# COMO CONSTRUIR UNHA NOVA NARRATIVA

- ▶ Lembra que non debes reaccionar ou contestar a nada, senón mellor propoñer as túas propias ideas e razoamentos.
- ▶ Convida a novas lecturas e ao diálogo.
- ▶ Propón narrativas que busquen, a grandes liñas, defender os dereitos humanos e a convivencia pacífica e intercultural.
- ▶ Impulsa o pensamento crítico: é importante poñer en dúbida as nosas crenzas e contrastalas con novas informacións e aprendizaxes.
- ▶ Utiliza as emocións de xeito positivo. Os discursos de odio adoitan manipular sentimentos como o medo ou a ira. Para construír novas narrativas os mellores sentimentos son os que xeran empatía e promoven o orgullo ou a esperanza dunha sociedade máis igualitaria.



# ANEXO 9.

## UNHA ACCIÓN PARA TODAS AS PERSOAS

Á hora de planificar a túa acción de cambio, e ao deseñar os contidos e poñer en marcha as nosas actividades é importante ter en conta algunhas consideracións:

### **Dereitos humanos e desenvolvemento**

- ▶ Respecta sempre os dereitos das persoas a quen te dirixes e das que falas.
- ▶ Anima outras persoas para que tamén o fagan.
- ▶ Cando identifiques un discurso de odio, analiza que dereitos están a vulnerar.
- ▶ Pensa en global: lembra que todas as persoas estamos interconectadas e que o que facemos nas nosas contornas afecta o resto do planeta.

### **Inclusión e diversidade**

- ▶ Utiliza unha linguaxe axeitada e para todas as persoas.
- ▶ Pregúntate se as actividades son accesibles (disposición do lugar, visibilidade etc.) para todas as persoas que van participar.
- ▶ Non utilices expresións racistas, xenófobas, capacitistas, LGTBIQfóbicas nin outras que discriminen calquera colectivo ou persoa.
- ▶ Representa distintas realidades. Evita as imaxes estereotipadas de colectivos que poden favorecer a discriminación.

### **Igualdade de xénero**

- ▶ Non utilices expresións sexistas ou machistas.
- ▶ Evita o uso de roles tradicionais de homes e mulleres.
- ▶ Utiliza datos, cifras ou estatísticas que dean a coñecer a realidade específica das mulleres.
- ▶ Ten en conta o impacto específico que teñen certos feitos e situacións nas mulleres.
- ▶ Non utilices imaxes que obxectiven ou sexualicen as mulleres.

### **Sostibilidade e o medio**

- ▶ Lembra os 3 R: Reduce, Reutiliza e Recicla.
- ▶ Utiliza só os materiais necesarios e que sexan respectuosos co medio.
- ▶ Na medida do posible, reutiliza os materiais ou fainos dixitais.
- ▶ Recolle e recicla axeitadamente todos os refugallos que se xeren durante as actividades.
- ▶ Pensa criticamente nas repercusións que teñen as túas accións no medio.

# ANEXO 1.

## PLANIFICACIÓN DE ACCIÓNS DE CAMBIO

Nome da nosa acción:



Discurso de odio que imos traballar:



Obxectivos – Que queremos conseguir:



Público ao que nos diriximos (idade):



Como visualizamos a nosa acción de cambio? Actividades (por exemplo un vídeo, fotografías, un rap, unha obra de teatro, un flashmob, un podcast, unha presentación...)



Onde o imos realizar? Presencial (no meu centro educativo, nun centro social, no barrio...): Redes sociais (TikTok, Instagram, Twitch, YouTube):



Que imos comunicar nas redes sociais? Slogan: Hastags: Mensaxes principais:



Cando o imos implementar? De xeito puntual, unha vez á semana, unha vez ao mes, unha semana no curso etc.






# ANEXO 11.

## PROGRAMACIÓN DE REDES SOCIAIS

<b>CONTINDOS:</b>			<b>REDES SOCIAIS:</b>				<b>PUBLICACIÓN:</b>		
#	IMAXE	MENSAXE	TIK TOK	INSTAGRAM	TWITTER	OUTROS	CREACIÓN DE CONTINDOS	RESPONSABLE PUBLICAR	DATA

# ANEXO 12.


## AVALIACIÓN




### MESA 1: SCAPE ROOM: AO OUTRO LADO

---


O que puiden sentir ao outro lado foi...





## MESA 2: DESMONTANDO MENTIRAS

Que valores reforzaches?



### LISTAXE DE VALORES



1. Amor



2. Amizade



3. Bondade



4. Confianza



5. Fraternidade



6. Honor



7. Honradez



8. Xustiza



9. Liberdade



10. Solidariedade



11. Paz




12. Respetto



13. Responsabilidade



14. Tolerancia



### **MESA 3:** **CONSTRUIR A NOSA** **ACCIÓN CONXUNTA**


---

Que aprendizaxes acadaches?



#### **LISTAXE DE APRENDIZAXES:**


- ▶ Tomar decisións.
- ▶ Resolución de problemas
- ▶ Ser máis crítico
- ▶ Buscar información
- ▶ Buscar solucións
- ▶ Dar alternativas
- ▶ Identificar prexuízos
- ▶ Identificar mensaxes discriminatorias
- ▶ Identificar mensaxes falsas
- ▶ Dar o meu punto de vista
- ▶ Adaptarse aos cambios, etc.




**MESA 4:**  
**A TÚA ACCIÓN**  
**DE CAMBIO**

---

Indica como cres que cambiastes a realidade





#ChangeThings #Cambiarasredes